



Concello de Silleda

Reciclaula

Do 20 ao 24 de maio de 2013



Os catro centros educativos do municipio de Silleda (CEIP da Bandeira, CEIP de Silleda, Colexio María Inmaculada e IES Pintor Colmeiro) participarán na semana do 20 ao 24 de maio nunha iniciativa novidosa que busca fomentar a reciclaxe entre a poboación en idade escolar, a través dun concurso organizado pola Concellería de Educación, a Concellería de Medio Ambiente e a empresa Limpezas Secope S.A para a recollida de papel, cartón, e plástico film.

Haberá premios para todos os centros, en función da cantidade recollida de kilogramos por alumn@

Organiza:



Concellería de
Educación, Urbanismo e Facenda



Concellería de
Medio Rural
e Medio Ambiente

Colabora:



L.SCOPE, S.A.

Reciclar ten premio!!!

O gañador do certame será o colexio que máis cantidade deposite nos colectores. Para as tarefas de pesado crearase unha comisión de seguimento con representantes do Concello de Silleda, os centros educativos e de Secope.

Haberá 4 premios, segundo a cantidade de residuos recollida, que os centros destinarán as excursións de fin de curso. Son os seguintes:

1º Premio..... 1.000 euros

2º Premio.....500 euros

3º Premio.....300 euros

4º Premio.....200 euros

Haberá un premio especial para o centro educativo que máis recicle para a creación dunha **horta solidaria** por valor de **1.000 euros**, en materiais, sementes e apeiros. O 50% como mínimo dos produtos que se recollan destinaranse ao Banco de Alimentos de Silleda Solidaria

Cómo se desenvolverá o concurso?

A empresa patrocinadora colocará un colector de 20 metros cúbicos en cada centro durante os cinco días que durará o concurso para depositar papel e cartón, e un saco big-bag para recoller o plástico film. Os recipientes serán retirados o día 24 de maio ás 16.00 horas para proceder ao pesado do material.

En caso de que os colectores se encheran antes da data de finalización do concurso, o responsable do centro deberá de poñerse en contacto con Secope.

A ratio de medición será de kilogramo por alumn@

Qué materiais se poden depositar?



Libros



Caixas de cartón



Xornais e revistas



Embalaxes de produtos coma cereais ou conservas



Bolsas



Embalaxes de produtos



Materiais que non se admiten



Cartón sucio/mollado



Botellas de bebidas, deterxentes, xabóns



Plástico agrícola



Bolsas de aperitivos



Xoguetes

Segundo as bases do concurso pódese penalizar aos centros que recollan materiais impropios

■ Todos os alumnos e alumnas dos catro centros educativos que participan nesta primeira edición de Reciclaula recibirán ademais un pequeno agasallo pola súa colaboración.

■ Os premios entregaranse o vindeiro venres día 31 de maio.

■ Participa traendo da casa papel, cartón e film plástico coma o dos exemplos anteriores, e os teus compañeir@s ou ti, en anos vindeiros, teredes máis fondos para a excursión de fin de curso!



Se reciclas, todos gañamos!!!

